


TEXTO

Hai mil anos estaba xa apuntada, en xermolo, a actual situación lingüística peninsular; pero os acontecementos políticos dos séculos posteriores foron os que lle acabaron de dar a forma definitiva.

A Península estaba ocupada nese momento, na maior parte do seu territorio, polos árabes, pobo que dispuña dun idioma que non tiña nada que ver co latín. Os dialectos latinos formáronse, por esta razón, no Norte peninsular e fóronse estendendo cara ó Sur consonte se ía avanzando na Reconquista dos territorios ocupados polos árabes. Este foi o proceso seguido tanto polo galego, como polo castelán ou polo catalán.



Foron tamén as circunstancias políticas as que marcaron o futuro máis doado ou máis difícil destes novos idiomas. En concreto, cómpre citar dous factores: por unha banda a independencia de Portugal no século XII, que fixo que a expansión cara ó Sur do dialecto do Noroeste, o galego, fose adoptando peculiaridades propias ata dar lugar ó que hoxe coñecemos como portugués. Por outro lado, o poder político que foi conseguindo progresivamente o reino de Castela fronte a outros territorios, o que supuxo que a súa lingua, o castelán, se fose impondo e mesmo suplantando ás demais: primeiro e con máis intensidade ás máis próximas (o astur-leonés e o navarro-aragonés), e máis tardiamente ou en menor grao ás máis periféricas (o galego, o catalán ou o eusquera).

Desta maneira, vemos cómo a existencia de dous Estados independentes consagrou as linguas que cada un estableceu como oficial, o castelán e o portugués, permitindo a súa evolución posterior, a súa expansión a outros continentes como América ou África e mesmo a súa diversificación en novos dialectos, como poden ser, no caso do castelán, o andaluz, o canario ou o español que se fala nos países hispanoamericanos.

Polo contrario, as outras linguas e dialectos que quedaron dentro do que constituirá o Estado español tiveron un futuro moito máis accidentado: o astur-leonés e o navarro-aragonés, practicamente absorbidos polo castelán, non tiveron oportuni-

dade de se converteren en linguas autónomas, e o galego, o catalán e o eusquera viviron etapas de silenciamento público e seguen a loitar con moitas dificultades pola súa normalización social.

En galego...

O **galego** é unha [lingua románica](#), propia de [Galicia](#), onde é oficial xunto co [castelán](#).^[2] Á parte de en Galicia, a lingua fálase tamén en territorios limítrofes con esta comunidade, aínda que sen estatuto de oficialidade. Está estreitamente emparentada co [portugués](#), coa que formou unidade lingüística, o [galaico-portugués](#). A evolución do latín vulgar na provincia de [Gallaecia](#) culminou dentro do [Reino de Galicia](#), a finais da [Alta Idade Media](#), nun romance diferenciado.

En portugués...

A **língua portuguesa**, também designada **português**, é uma [língua românica flexiva](#) originada no [galego-português](#) falado no [Reino da Galiza](#) e no [norte de Portugal](#). Com a criação do Reino de Portugal em 1139 e a expansão para o sul como parte da [Reconquista](#) deu-se a difusão da língua pelas terras conquistadas e mais tarde, com as [descobertas portuguesas](#), para o [Brasil](#), [África](#) e outras partes do mundo.^[3] O português foi usado, naquela época, não somente nas cidades conquistadas pelos portugueses, mas também por muitos governantes locais nos seus contatos com outros estrangeiros poderosos. Especialmente nessa altura a língua portuguesa também influenciou várias línguas.^[4]

En éuskaro...

Euskara Pirinioen mendebaleko bazterrean hitz egiten da, Espainia eta Frantziaren arteko mugaren bi aldeetan. Espainian, Euskadiko Autonomia Erkidegoan (hots, Arabako, Gipuzkoako eta Bizkaiko probintzietan) eta Nafarroako Foru Komunitatean (batera, probintzia ere baden horretan) mintzatzen da, eskualdeen arabera hizkuntzaren zabalpenean diferentzia handiak daudela. Frantzian, bere aldetik, Lapurdiko, Baxenabarreko eta Zuberoako antzinako probintzietan eta Zuberoaren ondoko Biarnoko haran batzuetan hitz egiten da. Zazpi probintzia edo herrialde horiei Euskal Herria deritze euskaraz.

En catalán...

El **català** (denominació oficial a [Catalunya](#), a les [Illes Balears](#), a [Andorra](#) i a la ciutat de [l'Alguer](#)) o [valencià](#) (denominació oficial al [País Valencià](#) i tradicional al [Carxe](#)) és una [llengua romànica](#) parlada per més d'onze milions de persones, a Catalunya, al País Valencià (tret d'algunes comarques de l'interior), les Illes Balears, Andorra, la Franja de Ponent (a l'Aragó), la ciutat de l'Alguer (a l'illa de [Sardenya](#)), la [Catalunya del Nord](#)^[3] i el [Carxe](#), un petit territori de [Múrcia](#) poblat per immigrants valencians.^{[4][5]} Té nou milions de parlants; el seu domini lingüístic, amb una superfície de 68.730 km² i 13.529.127 d'habitants (2009),^[6] inclou 1.687 termes municipals. Com les altres llengües romàniques, el català descendeix del [llatí vulgar](#) que parlaven els [romans](#) que s'establiren a [Hispania](#) durant l'[edat antiga](#).

❖ COLOQUIO ARREDOR DAS SEMELLANZAS E DIFERENZAS ENTRE AS LINGUAS DA PI

1. Por que se os romanos estenderon o latín por toda a PI hoxe temos tantas linguas distintas?
2. Cal é a razón pola que podemos comprender catro desas linguas anteriores?
3. Por que o castelán recibe ese nome?
4. Cal é a forma correcta: castelán ou español?
5. Cal é a relación entre o español e o andaluz? E entre o español e o venezolano?
6. Onde naceron e como se expandiron as linguas dos textos anteriores?
7. Por que recibe ese nome o galego? E o portugués?
8. Ollando os trazos peculiares da evolución do latín ao galego e ao portugués, intenta descubrir a palabra galega que se orixinou a través destas palabras latinas:
 - ANNUM:
 - LUNAM:
 - CAELUM:
 - FORNUM:
 - FABAM:
 - FICUM:
 - VENTUM:
 - PONTEM:
 - MORTEM:
 - CLAVEM:
 - FLAMMAM:
 - PLORARE:
 - LACTEM:
 - FACTUM:
 - MULIEREM:
 - FILIUM:
 - MULTUM:

TRAZOS MÁIS PECULIARES NA EVOLUCIÓN DO LATÍN AO GALEGO:

1. Perda do **-L-** e o **-N-** en posición intervocálica.
2. Existencia dos ditongos: **ou** e **ei**.
3. Conservación do **f** inicial do latín.
4. **E, O** breves latinos, en posición tónica, dan lugar a **e, o** abertos en galego, fronte á existencia de **e, o** pechados.
5. Palatalización de **PL-, CL-, FL-** en **ch-**.
6. O grupo **-ULT-** evoluciona a **-oit-**.
7. Solución **-it-** para o grupo **-CT-**.

PRESENTACIÓN INFORMÁTICA: [O plurilingüismo da Península Ibérica](#)**CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- Plurilingüismo. Multilingüismo.
- Lingua minorizada. Lingua minoritaria.
- Lingua internacional.
- Lingua oficial. Lingua cooficial.
- Lingua neolatina. Lingua románica. Lingua romance. Lingua vulgar.

TAREFAS para reflexionar arredor do tema: O plurilingüismo da PI

1. Elaboración dun **esquema** que recolla e xerarquice as ideas expostas no texto.
2. Recollida de notas (**apuntamentos**) ao longo da exposición da presentación informática.
3. **Definición adecuada** dos termos clave abordados nesta presentación e sinalados anteriormente.
4. Elaboración dun texto expositivo (**redacción dun tema**): *O plurilingüismo da Península Ibérica*. Para o cal partírase do esquema previamente elaborado e das notas tomadas na aula.
5. A que tipo de texto pertence o que dá pé a esta Guía 3? En que se diferencia dos dous textos seguintes?

➤ [Aproximación á narración](#)

Texto A

Había unha taberna no peirao. E tiña aspecto acolledor. Era unha ampla sala, ben decorada, cun catre de campaña provisto de coxíns ao fondo. Unha trintena de consumidores ocupaban as mesiñas de xunco entrenzado do salón principal. Os máis deles fumaban en cumpridas cachimbas de barro vermello, ateigadas de cativas boliñas de opio mesturado con esencia de rosas.

Texto B

Pediron dúas botellas de Porto, ás que o francés lles rendeu os debidos honores; en tanto que Fix, máis reservado, observaba o seu compañeiro con extremada atención. Falaron dunhas cousas e doutras e, sobre todo, daquela excelente idea que tivera Fix ao coller a pasaxe no Carnatic. E, a propósito deste streamer, cuxa saída se adiantara nalgunhas horas, Passepartout, estando as botellas baleiras, ergueuse co fin de ir avisar o seu amo.

AVALIACIÓN**1. Avaliación das Tarefas**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	ÍNDICES DE LOGRO	
	○ Moi baixo (1) ○ Baixo (2) ○ Medio (3) ○ Elevado (4) ○ Moi elevado (5)	
TAREFAS	AUTOAVALIACIÓN	AVALIACIÓN
Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.		
Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.		
Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.		
Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.		
Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, mapas, etc.).		
Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos.		
Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.		
Produce textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e/ou exposicións de ideas e conceptos.		
Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.		
Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e da autoavaliación.		
MEDIA		

2. Avaliación do Coloquio

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	ÍNDICES DE LOGRO	
	• Moi baixo (1) • Baixo (2) • Medio (3) • Elevado (4) • Moi elevado (5)	
	AUTO-AVALIACIÓN	AVALIACIÓN
Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.		
Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos .		
Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral .		
Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume).		
Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea.		
Comprende e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.		
Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.		
Recoñece e avalía erros (pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata de evitalos.		
Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.		
Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.		
Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.		
Manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con confianza e seguridade.		
Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada.		
Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.		
Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.		
Utiliza argumentos propios e refuta adecuadamente os argumentos contrarios.		
Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen os saberes, como medio de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo.		
MEDIA		